

## O desprecio Xavier Blanco- Instrumentos pobres

Deses que andan no baile  
Non todos parecen ben  
Un parece un cu dun pote  
Outro rabo de sartén  
Outro rabo de sartén  
Ailalélo ailalalo. . . .

### Retrouso

Volta polo medio volta va redor  
Vai o que ben baila Vai o bailador  
Vai o bailador Vai o bailador  
Volta polo medio volta va redor. . . .

Andivecheste a lavando  
De que as tiñas a pares  
Eu non che vexo ninguna  
Dime por donde as traes  
Dime por donde as traes  
Ailalélo Ailalalo

### Retrouso

Indo polo rio arriba  
Non hai baras que cortar  
Os moziños que hai agora  
Non saben parrafear  
Non saben parrafear  
Ailalelo ailalalo

### Retrouso

Se o gastache non gastaras  
Non che o mandamos gastar  
De sete mozas que miras  
Dinos cal has de lograr  
Dinos cal has de lograr  
Ailalélo ailalalo

### Retrouso

A raiz do toxo verde  
E moi mala de arrincare  
Os amoriños primeiros  
Son moi malos de olvidare

### Retrouso